

VIEIROS

Barcelona

Edición xestionada por [Xabier Paradelo](#)

LETRAS GALEGAS

Conferencia de Xosé María Álvarez Cáccamo na UB

O escritor falará na Universitat de Barcelona de Xosé María Álvarez Blázquez, o autor homenaxeado nas Letras Galegas deste ano.

Redacción - 23:00 06/05/2008

No mes das Letras Galegas, as actividades na Universitat de Barcelona contan cunha conferencia de Xosé María [Álvarez Cáccamo](#) sobre o escritor galeguista Xosé María Álvarez Blázquez e cunha exposición bibliográfica da obra deste autor homenaxeado na biblioteca da universidade.

Xosé María Álvarez Cáccamo (Vigo, 1950), ensaísta, especialista en literatura galega e un dos poetas de maior proxección da poesía galega actual, é tamén fillo do escritor homenaxeado este ano co Día das Letras Galegas. Vén de publicar *Tempo do pai* (2008) e *Vento de sal* (2008). Parte da súa obra poética foi traducida ao catalán.

Conferencia de Xosé María Álvarez Cáccamo:

[Xosé María Álvarez Blázquez](#). *A vida nos poemas*

Venres, 9 de maio de 2008 ás 19:30

Edificio Histórico, Aula 108

Exposición bibliográfica:

Xosé María Álvarez Blázquez e a resistencia cultural

Do 8 ao 22 de maio de 2008

Edificio Histórico, Vitrinas da Biblioteca General

Universidade de Barcelona

Gran Via de les Corts Catalanes, 585- 08007 Barcelona

Organiza: [Filologies Gallega i Portuguesa](#)

Colaboran:

[Secretaría Xeral de Política Lingüística](#), Xunta de Galicia

[Federación de Entidades Culturais Galegas de Catalunya](#)
[Rede.cat](#)